

CONDICIÓN PARA A PARTICIPACIÓN NO “INTERCAMBIO CON ITALIA” 2025

Poderá participar no Intercambio con Italia, previsto para febreiro-marzo-abril 2025, o alumnado matriculado en 4º da ESO no IES Francisco Aguiar de Betanzos no curso 2024-2025 que non presente ningún parte por conduta contraria ás normas de convivencia ata a realización da mesma. **De non cumprirse algunha destas condicións, causará baixa na viaxe**, sendo o Equipo Directivo, xunto co profesorado acompañante os que tomen a última decisión ao respecto. Nese caso, terá dereito á devolución do adiantado, descontando as penalizacións derivadas da cancelación dos voos, dos buses e/ou doutras actividades.

PROTOCOLO DE CONDUCTA PARA A INTERCAMBIO CON ITALIA



Ao ser unha actividade organizada polo instituto, rexerán as Normas de Organización e Funcionamento (NOF) de centro. No caso de incumprimento por parte do alumno/a e que o seu comportamento incidira negativamente no desenvolvemento da viaxe ou perturbara a convivencia dos demais alumnos desatendendo as instrucións dos profesores/as, **será enviado/a de volta a Betanzos, facéndose cargo a familia dos gastos que ocasionase.**

Normas Xerais

1. **O alumno seguirá sempre as indicacións** do profesor ou profesora responsables: eles son os que marcan o que se pode ou non se pode facer.
2. Será **obrigatoria a asistencia a tódalas actividades** programadas respectando o horario marcado no programa.
3. Ninguén fará plans pola súa conta, permanecerase **sempre en grupo ou coas familias**. Se alguén necesita facer algo determinado, comunicarao aos profesores acompañantes.
4. Respetaranse os **horarios e puntos de encontro**.
5. Será imprescindible amosar **educación e respecto** en todo momento e con todas as persoas, pois tendo en conta que o alumnado forma parte da comunidade do IES Francisco Aguiar, a imaxe da institución será valorada ou criticada segundo sexa o seu comportamento.
6. Está terminantemente **prohibido**:
 - a. A adquisición, consumo ou posesión de **alcohol e de calquera droga**.
 - b. O aluguer ou condución de calquera tipo de vehículo.
 - c. **A saída do aloxamento sen autorización e sen estar acompañado**.
 - d. Fumar.
 - e. Tratar con persoas que sexan alleas ao intercambio.
 - f. As **condutas escandalosas** (gritos, pelexas, chamar a atención en espazos públicos...).
 - g. **O furto** de calquera propiedade allea.
 - h. Estragar, alterar ou danar o mobiliario do aloxamento nin doutras instalacións.

Asdo.: O pai/nai/titor legal

Asdo.: O alumno/a



No Aloxamento coas Familias

7. Cando cheguen ao cuarto por primeira vez, compre revísalo ben e notificarlle ao profesor/a se hai algún deterioro; en caso contrario, eles serán os responsables e a súa reparación correrá ao seu cargo.
8. Téñense que cumprir as **normas xerais de convivencia e aceptar os límites que establezan as familias**.
9. As **noites** son para descansar; familias e alumnos necesitan durmir; por iso, unha vez que nos retiremos aos cuartos, hai que respectar o descanso de todo o mundo.

ALUMNO/A

Eu, _____, **alumno/a** de 4º da ESO
____ do IES Francisco Aguiar de Betanzos, coñezo e acepto as condicións para
participar no Intercambio con Italia do próximo febreiro-marzo-abril 2025 e
comprométome a cumprir as normas de conduta, asumindo as posibles consecuencias
derivadas do seu incumprimento.

Betanzos, ____ de _____ de 2025.

Asdo.: O alumno/a

PAI/NAI/TITOR

D./Dna. _____, **pai/nai/titor legal**
do alumno/a _____ de 4º da ESO

AUTORÍZOO/A

a que participe no Intercambio con Italia, previsto para febreiro-marzo-abril 2025 e
declaro coñecer e aceptar o compromiso adquirido polo meu fillo/a ao asinar as
condicións para a participación, así como o protocolo de conduta durante a viaxe. No
caso de causar baixa voluntaria ou involuntaria na actividade, recibirei o a adiantado,
descontando as penalizacións derivadas da cancelación dos voos, do bus e/ou doutras
actividades.

Betanzos, ____ de _____ de 2025.

Asdo.: O pai/nai/titor legal